

RESUMO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DO

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Curso 2021-2022

I.E.S. N°1 - RIBEIRA

ÍNDICE

Páxina

1.- OBXECTIVOS XERAIS.....	3
1.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA..	3
1.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NO BACHARELATO.....	4
2.- MÍNIMOS ESIXIBLES.....	5
2.1. Educación Secundaria Obrigatoria.....	5
2.2. Bacharelato.....	13
3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	17
4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	20
5.- PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DAS PENDENTES.....	23
6.- ANEXO COAS ESPECIFICIDADES COVID PARA ESTE CURSO.....	24

1.- OBXECTIVOS XERAIS

1.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e para o desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado e estruturado en varias disciplinas, así como coñecer e aplicar métodos para identificar problemas nos diversos campos do coñecemento.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a autoconfianza, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na linguas galega e castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse en alomenos unha lingua estranxeira.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedades galega e mundiais.
- k) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.

1.2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA NO BACHARELATO

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.- MÍNIMOS ESIXIBLES

2.1. Educación Secundaria Obrigatoria

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 1º ESO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información específica en textos orais sobre datas de aniversario, bandeiras, presentacións, comidas, descrición de persoas, insectos, indicacións para chegar a un lugar, etc.
- Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Producción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronuncia adecuada.
- Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións relacionadas con saúdos e presentacións, intercambios de información persoal, descrición de persoas, lugares e cousas, descrición de ilustracións, actividades habituais e que están en curso, obrigas, prohibicións, accións futuras, narración de historias, etc.
- Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos auténticos e adaptados
- Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Composición de textos curtos usando elementos básicos de cohesión.
- Uso das maiúsculas, a correcta orde das palabras nas frases, os signos de puntuación, as conxuncións, as preposicións de tempo e os conectores de secuencia, e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.).

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

- Estructura das oracións interrogativas, negativas e afirmativas nos tempos básicos aprendidos neste curso: presente simple con adverbios de frecuencia, presente continuo en contraste co presente simple, presente continuo con valor de futuro, *be going to* +verbo, imperativos, *there is/there are*; *there was/there were*, pasado simple de verbos regulares e irregulares; verbos *be*, *have got*.
- Coñecemento a nivel básico do uso dos tempos verbais estudados no ano así como dos verbos modais mais utilizados: *can must/mustn't*...
- Dominio das regras básicas fundamentais na sintaxe e na formación de palabras.
- Correcta ortografía (*spelling*) nos traballos escritos.
- Coñecemento das funcións elementais dadas no curso: saudar, dar, pedir e comprender información persoal, instrucións, direccións e contrastar accións en curso coas habituais. Describir e comparar persoas, lugares e cousas. Expresar hábitos, gustos... Describir e narrar feitos pasados. Expresar plans e intencións para o futuro. Facer suxerencias, aceptalas e rexeitalas.
- Pronunciación das terminacións : /s /, /z /, /Iz/ (presente simple)
- Pronunciación da terminación : - ed no pasado simple
- Pronunciación de vocais e consonantes de especial dificultade : *a, t, d, h, r, d, ch* ... insistindo nas diferencias coa lingua materna
- Afirmación (*affirmative sentences*; tags).
- Exclamación (*What + Adj.+ noun*, e. g. *What a wonderful holiday!*; *How + Adj.*, e. g. *How interesting!*; *exclamatory sentences and phrases*, e. g. *Well, that is a surprise! Fine! Great!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non* (Noun, e. g. *never mind, not to worry, nobody, nothing*; *negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions*; *Aux. Questions*; *What is this for?*; tags).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous*; *present perfect*; *presente* (*present simple and continuous*); futuro (*going to*; *will*; *present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect*); habitual (*simple tenses + Adv.*, e. g. *usually*); *used to*); incoativo (*start + verb+ ing*); terminativo (*stop + verb+ ing*).
- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2º ESO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información específica en textos orais sobre conversacións formais e informais, textos orais sobre mascotas, pedras preciosas, festas de aniversario, roupa, escudos de armas, feitos acontecidos no pasado, plans de vacacións, programas de TV, cidades e vivendas, preguntas dun detective, deportes, grupos e academias de música, etc., con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Producción de textos orais breves e coherentes con pronuncia adecuada.
- Participación en conversas breves e sinxelas dentro do aula, e en simulacións relacionadas con saudar e presentarse, describir persoas, cousas, animais, lugares, o clima, roupa, programas de TV, etc., pedir e dar información persoal, expresar posesión, comparar elementos entre si, expresar obrigación e prohibición, expresar posibilidade, pedir e conceder permiso, expresar condicións, expresar gustos e preferencias, dar consello, expresar cantidade, expresar localización, expresar opinións e emocións, falar sobre plans para o futuro e predicións, actividades habituais e accións en curso, acontecementos pasados, accións interrompidas ou simultáneas no pasado e feitos recentes.
- Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre os temas tratados en cada unidade.
- Iniciativa para ler con certa autonomía textos de certa extensión.
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Composición de textos curtos describindo o tempo atmosférico, a personalidade de alguén, o que se fai no aniversario, a roupa preferida, un animal mitolóxico, un día inesquecible, os plans para vacacións, as predicións para o futuro, un programa de TV, o coidado dunha mascota, unha casa imaxinaria, as cousas que se fixeron, un deportista, a música favorita, etc. Empregaranse elementos básicos de cohesión e as estratexias máis elementais co proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Uso das maiúsculas, a correcta orde das palabras nas frases, os signos de puntuación, as conxuncións e os conectores de secuencia, valorando a súa importancia nas comunicacións escritas.
- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

- Estructura das oracións interrogativas, negativas e afirmativas nos tempos básicos aprendidos neste curso: verbo to be, have got, there is/ there are, presente simple, there was/there were, pasado simple e continuo, will+infinitivo, be going to+infinitivo, presente continuo con valor de futuro.
- Coñecemento a nivel básico do uso dos tempos verbais estudados no ano, así como dos verbos modais máis utilizados: can/could, must/mustn't, should/shouldn't.
- Dominio das regras básicas fundamentais na sintaxe e na formación de palabras.
- Correcta ortografía (spelling) nos traballos escritos.
- Adquisición do léxico relacionado cos temas tratados: profesións, tempo de lecer, o corpo, a roupa, as materias escolares, lugares a casa, a escola, a cidade, o campo...),o tempo, etc.

- Coñecemento das funcións elementais dadas no curso: saudar e presentarse formal e informalmente; pedir e dar información persoal. Describir cousas, lugares e persoas. Expresar obrigas, consellos e rotinas asociadas con elas. Narrar acontecementos pasados. Falar sobre habilidades. Pedir e conceder permiso. Expresar intencións, facer predicións, expresar condicións (co 1º tipo), etc.
- Fonemas de especial dificultade (vocais e consonantes): /ə/, /i/ versus /I:/, etc.
- Formas contractas: "I", "won't", "couldn't"
- Terminacións verbais no presente simple: /s/, /z/, /iz/
- Terminacións verbais no pasado simple : /t/ /d/ /id/
- Afirmación (affirmative sentences; tags)
- Exclamación (What + Adj.+ noun, e. g. What a wonderful trip!; How + Adj., e. g. How amazing!; exclamatory sentences and phrases, e.g. Well, that is a surprise! Fine! Great! Terrific!)
- Negación (negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. never mind, not to worry), nobody, nothing; negative tags).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags).
- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect); presente (present simple and continuous); future (going to; will; present simple and continuous + Adv.).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to); incoativo (start -ing); terminative (stop -ing).
- Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 3º ESO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados.
- Audición e comprensión de información xeral e específica de mensaxes cara a cara, emitidas polo profesor/a e polos compañeiros/as, sobre temas concretos e coñecidos, relativos a situacións habituais de comunicación e aos temas incluídos neste nivel.
- Audición e comprensión de mensaxes sinxelas emitidas polos medios audiovisuais, pronunciadas con lentitude e claridade.
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificación de palabras clave, identificación da intención do falante.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Modificación de palabras de significado parecido.
- Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.
- Petición de axuda ou clarificación
- Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Comprensión da información xeral e específica de textos, en soporte papel e dixital, auténticos, tales como artigos informativos, científicos e narrativos, biografías, correos electrónicos, noticias de xornal, cartas e letras de cancións.
- Lectura autónoma de textos relacionados cos seus intereses.
- Formación de palabras para inferir significados.
- Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Producción guiada de textos sinxelos e estruturados, con algúns elementos de cohesión para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando estratexias básicas no proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- Elaboración dun borrador.
- Estruturación do contido do texto.
- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

- Estructura das oracións interrogativas, negativas e afirmativas nos tempos básicos aprendidos neste curso: presente simple e presente continuo will e ,be going to +verbo, pasado simple e pasado continuo, present perfect en contraste co pasado simple, imperativos,

- Coñecemento a nivel básico do uso dos tempos verbais estudados no ano así como dos verbos modais máis utilizados: can must/mustn't/ should / shouldn't/ have to/ may
- Utilizar correctamente as condicionais de 1º tipo e de tipo 0
- Dominio das regras básicas fundamentais na sintaxe e na formación de palabras.
- Correcta ortografía (spelling) nos traballos escritos
- Coñecemento das funcións elementais dadas no curso, a saber: presentarse, dar e pedir información, facer unha descripción, dar opinións, invitar, suxerir e facer plans, disculparse, facer prediccións, clasificar cousas, crear diálogos, etc.
- Plural endings: /s, z, iz/
- Pronunciation of contracted forms
- Third person endings of verbs:/s, z, iz/
- Pronunciation of regular past simple verbs:/ t, d, id/
- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect; past perfect); presente (present simple and continuous); future (going to; will; present simple and continuous +Adv.).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to); incoativo (start –ing); terminative (stop –ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; be able); posibilidade probabilidade (may; might; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to); obriga (have (got) to; must; imperative); permiso (could; allow); intención (present continuous).
- Expresión da existencia (e.g. there will be/has been); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners); a calidade (e. g. good at maths; rather tired).

- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e.g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little).
- Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 4º ESO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- escoita e comprensión dun diálogo emitido polos medios audiovisuais en linguaxe clara e sinxela sobre os seguintes temas: un presentador dun programa de radio e catro mozos, animais salvaxes, unha rara mascota, un historiador e un entrevistador falando sobre a gran praga de Londres e outro entre un turista e un guía falando sobre o monumento ao gran incendio de Londres, a elaboración dun código secreto, dous adolescentes, un estudante e un maquillador de actores/actrices, Frankenstein, un programa radiofónico sobre uns ladróns de arte, o relato dunha historia, o que está mal visto en tres países distintos, un artigo publicado nunha revista e a entrevista a dous mozos sobre as súas primeiras citas amorosas, entre estudantes na cafetería do instituto, dous amigos que van en autobús para responder unha pregunta de comprensión e completar frases, etc.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre contido e contexto

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Uso do modelo de diálogo proposto para interactuar co compañeiro/a e crear un novo cambiando algunhas palabras.
- Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).
- Cooperación na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Comprensión xeral e específica de textos escritos, ou audición dos mesmos utilizando diferentes estratexias de lectura xa utilizadas e consolidadas.
- Lectura autónoma de textos máis extensos relacionados cos seus intereses.
- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Composición guiada de distintos tipos de textos.
- Uso con certa autonomía do rexistro apropiado ao lector ao que vai dirixido o texto informativo (formal e informal)
- Revisión:
- Identificación de problemas, erros e repeticións.

- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.
- Reescritura definitiva.
- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.).

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

- Estructura das oracións interrogativas, negativas e afirmativas nos tempos básicos aprendidos neste curso: verbo to be, have got, there is/ there are, presente simple, there was/there were, pasado simple e continuo, will+infinitivo, be going to+infinitivo, presente continuo con valor de futuro.
- Coñecemento a nivel básico do uso dos tempos verbais estudados no ano así como dos verbos modais mais utilizados: can must/mustn't, should / shouldn't.
- Estructura das oracións pasivas (presente e pasado)
- Transformación de frases enunciativas a Estilo indirecto
- Dominio das regras básicas fundamentais na sintaxe e na formación de palabras.
- Correcta ortografía (spelling) nos traballos escritos.
- Coñecemento das funcións elementais dadas no curso: saudar e presentarse formal e informalmente; pedir e dar información persoal. Describir cousas, lugares e persoas. Expresar obrigas, consellos e rotinas asociadas con elas. Narrar acontecementos pasados. Falar sobre habilidades. Pedir e conceder permiso. Expresar intencións, facer prediccións, expresar condicións (co 1º tipo), etc
- Fonemas de especial dificultade
- Pronunciación de formas contractas
- Pronunciación da terminación en formas de tempos verbais
- Formas Especiais
- Relacións temporais (the moment (she left); while).
- Be used to/ get used to.
- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags).
- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect; past perfect); presente (present simple and continuous); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to); incoativo (be about to); terminativo (stop-ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; be able); posibilidade/ probabilidade (may; might; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to); obriga(have (got) to; must; imperative); permiso (may; could; allow); intención (present continuous).
- Expresión da existencia (e.g. there could be); la entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners); a cualidade (e.g. pretty good; much too expensive).
- Uso de conectores.
- Have/get causative.
- Phrasal verbs.
- Gerund and infinitive.
- Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.

2.2. Bacharelato

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 1º BACHARELATO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).
- Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Elaborar diálogos ou entrevistas.
- Expresar gustos e preferencias. Comparacións.
- Expresións de acordo e desacordo.
- Describir sensacións.
- Explicar procesos nunha secuencia temporal correcta e dar instrucións.
- Substituír palabras por outras de significado parecido.
- Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.
- Pedir axuda ou clarificación.
- Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Extraer información de textos divulgativos ou literarios.
- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Producir textos de carácter descriptivo, informes con datos obxectivos e opinións; redactar conclusións.
- Execución:
 - Elaborar un borrador.
 - Estruturar o contido do texto.
 - Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado ou idea global deste.
 - Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.
 - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
 - Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

- Léxico escrito común e máis especializado (producción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

- Xeralizar. Expresar cantidade e cualidade.
- Coñecemento básico dos tempos verbais vistos no curso.
- Modo e frecuencia.
- Expresar capacidade.
- Condicionais: tipos I, II e III
- O estilo indirecto
- Os verbos modais
- As oracións de relativo
- Graos de certeza.
- Expresar causa e efecto. A voz pasiva. A condición e a hipótese.
- Exclamación (What + (Adj.+) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!).
- Negación (negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither).
- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect; past perfect); presente (present simple and continuous); futuro (going to; will; present simple and continuous + Adv.).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple/perfect; and future continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning); used to); incoativo (be about to); terminativo (stop-ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can; be able); posibilidade/probabilidade (may; might; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to); obriga(have (got) to; must; imperative); permiso (may; could; allow); intención (present continuous).
- Expresión da existencia (e.g. there could be); a entidade (count/uncount/collective/compound nouns; pronouns(relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners); a cualidade (e.g. pretty good; much too expensive).
- Expresión do modo (Adv.and phrases of manner, e.g. carefully; in a hurry).
- Uso de conectores.
- Have/get causative.
- Phrasal verbs.
- Gerund and infinitive.
- Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2º BACHARELATO

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS

- Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).
- Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Expresar permiso, obrigación e prohibición.
- Expresar posibilidade, probabilidade e predicións. Falar do futuro.
- Propoñer, aceptar e rexeitar propostas. Expresar desexos e opinións.
- Expresar gustos, preferencias, sentimentos, emocións e sensacións.
- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).
- Uso de sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.
- Uso dos elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oírte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

- Estratexias de comprensión:
- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

- Producir textos ben organizados de tipo conversacional, descritivo, narrativo e argumentativo utilizando elementos de coherencia textual.
- Elaborar textos informativos e valorativos a partir de datos, e redactar comentarios críticos sobre textos.
- Planificación
- Execución:
- Elaboración dun borrador.
- Estruturación do contido do texto.

- Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.
- Discriminación das propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL

- Indefinidos e oracións impersoais.
- O estilo indirecto.
- A subordinación: oracións adxectivas, temporais, condicionais, finais e concesivas.
- Afirmación (emphatic affirmative sentences / the dummy do, e. g. I do love classic music; tags, e. g. I should have).
- Exclamación (What + noun+ sentence), e. g. What a nuisance (he is)!; How +Adv. + Adj., e. g. How very extraordinary!; exclamatory sentences and phrases, e.g. Gosh, it is freezing!).
- Negación (e. g. Nope; Never ever; You needn't have).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; Says who? Why on earth did she say that?; tags).
- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous; present perfect simple and continuous; past perfect simple and continuous); presente (present simple and continuous); futuro (present simple and continuous +Adv.; will be + verb+ ing;will + perfect tense (simple and continuous)).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (it takes/holds/serves...); posibilidade/probabilidade (will; likely; should; ought to); necesidade (want; take); obriga (need/needn't); permiso (may; could; allow) intención (be thinking of+verb+ing).
- Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e.g. thoroughly; inside out; upside down, in a mess).
- Uso de conectores.
- Have/get causative.
- Phrasal verbs.
- Gerund and infinitive.
- Recoñecemento das normas e as variacións sociais, as convencións sociais e as formas, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; características básicas do sentido do humor; usos lingüísticos adecuados ao contexto; referencias relativas á identidade nacional ou cultural; linguaxe non verbal e diferenzas específicas entre a propia cultura e a cultura portada pola lingua obxecto de estudo.

3.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Como xa é sabido, polas características do ensino do idioma inglés, o sistema de avaliación que consideramos máis idóneo é a avaliación continua, é dicir, que a última avaliación engloba as dúas anteriores. Elo implica que si un alumno aproba na última avaliación de xeito automático aproba as dúas anteriores, pero tamén á inversa. Por elo sempre intentaremos incluír nos nosos exames unha parte de repaso de todo o anterior, que no caso da terceira avaliación ten que ser relativamente elevado. Nesa mesma liña exporemos a recuperación dos alumnos pendentes.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final da materia, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos nesta programación.

3.1 PROCEDEMENTOS

O proceso de avaliación consta das seguintes fases:

Avaliación Inicial.

Dada a diversidade dos alumnos é esencial para coñecer aos alumnos . O departamento ten preparado diferentes probas (tests de diagnóstico, probas escritas, orais, follas de autoavaliación para seguir o progreso de cada quen na lingua, o modo en qué aprendeu, a súa experiencia anterior etc). Estas probas están encamiñadas a avaliar os seus coñecementos e os diferentes estilos de aprendizaxe ademais de reflectir as súas actitudes cara a lingua inglesa. Tamén se aplicará a observación directa e a interacción na clase.

Avaliación Formativa e Continua.

Ao longo do curso, os alumnos estarán informados do seu progreso a través de diversos medios como as correccións das probas escritas, interacción na aula, corrección do caderno de clase e dos traballos que se vaian propoñendo. Unha vez por avaliación informarase aos alumnos e ás familias mediante o boletín de cualificacións da avaliación, así como as observacións feitas polo profesor.

Avaliación Sumativa e Final.

Ao finalizar o curso valorarase o rendemento académico do alumnado, así como o seu progreso, interese e esforzo, a través da cualificación final obtida na convocatoria ordinaria que se establecerá segundo os criterios de cualificación establecidos.

3.1.1 Procedementos na ESO

A avaliación será continua, integradora e diferenciada. Integradora no senso de que a Xunta de Avaliación poderá decidir si un alumno promociona ou non dun curso a outro, si cumpre cos obxectivos xerais sinalados para tal curso , aínda que teña algún suspenso. Será tamén unha avaliación diferenciada, tendo en conta que cada alumno é un individuo cunha personalidade diferente.

Pode realizarse unha avaliación inicial ó comezo de cada unidade didáctica, así como ó comezo do curso; dita avaliación non é motivo de cualificación, pero é indicativa das capacidades e dificultades dos alumnos.

En canto á avaliación continua, como o seu nome indica, ten lugar ó longo de todo o curso e basease no grao de consecución, en termos de capacidades, dos obxectivos sinalados para cada unidade didáctica (programación de aula). Lévese a cabo a través dun seguimento do traballo realizado polo alumno en toda a unidade, destacando tanto o esforzo persoal como a creatividade, o traballo responsable e diario, as destrezas adquiridas, a participación activa e a escoita atenta en clase. Ó mesmo tempo, se observarán os resultados dos diferentes tipos de probas, tanto orais como escritas, tanto obxectivas (de elección, de inserción, de transformación, de combinación, etc) como subxectivas (composicións, narracións, diálogos, cartas, etc), incluída a autoavaliación (self-check), sempre en función do criterio do profesor.

3.1.2 Procedementos no Bacharelato

A avaliación será continua en bacharelato, ó igual que na E.S.O. A valoración da aprendizaxe dos contidos será maior que na E.S.O., ó tratarse dun ensino post- obrigatorio.

O tipo de probas que se realicen serán similares ás do Ensino Obrigatorio, pero adecuadas ós contidos de Bacharelato, este curso facendo especial fincapé na valoración engadida das probas orais.

Nos niveis de 1º e 2º Bacharelato a avaliación será fundamentalmente na realización probas ó trimestre, aínda que obviamente o profesor tamén terá en conta outros aspectos relacionados co esforzo do alumno, e que se refiren á participación do alumno na clase, a realización de exercicios e tarefas na casa, redaccións entregadas e controis sobre as lecturas graduadas, así como o comportamento e a actitude ante a materia.

3.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Avaliación Inicial

Convén ter planificado un tempo ó comezo de cada curso para levar a cabo a avaliación inicial, de maneira que unha vez obtidos os datos mínimos para realizar o diagnóstico das condicións previas se poda pasar ó proceso programador. En todo caso é conveniente recoñecer a provisionalidade dos datos, que deberán completarse e corrixirse ó longo de todo o curso.

Os instrumentos a utilizar dependerán do ámbito de observación. En relación cos datos a obter, pódense diferenciar, en primeiro lugar, aqueles que podan ser conseguidos polo profesor ou equipo docente e, en segundo lugar, aqueles nos que se necesita a colaboración da familia ou un técnico especialista.

Entre outros, se poderán utilizar os seguintes instrumentos e técnicas:

- Análise del proceso escolar seguido polo alumno ata ese momento.
- Escalas de observación e listas de control.
- Probas escritas para determinar os coñecementos básicos previos.
- Cuestionarios.
- Entrevista entre profesores, con pais e con alumnos.
- Inventario de intereses.
- Técnicas sociométricas.
- Informes médicos e/ou psicopedagóxicos.

Resto de avaliacións

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos: análise de tarefas escritas e orais (como poderían ser deberes, fotocopias de exercicios de ampliación e reforzo de gramática e vocabulario, dictados, videos, exercicios de listening, speaking, reading e writing), da observación na clase (mediante o traballo que faga o alumno no seu caderno, no libro e no cadernillo, co seu dicionario, etc.) e de probas obxectivas (que poden ser de gramática, de vocabulario, do uso da lingua, do libro de lectura, de exames tipo ABAU no caso de 2º de Bacharelato ou de calquera outro aspecto que o profesor estime oportuno e conveniente) , que se realizarán de xeito periódico para comprobar o nivel de adquisición de obxectivos e competencias presentados e traballados na clase e na casa por parte dos alumnos.

3.3 AVALIACIÓN ESPECÍFICA PARA BACHARELATO DE ADULTOS

Avaliación para alumnos que cursen 1º e 2º de Bacharelato no mesmo ano académico:

- 1.- Os alumnos de 1º BACH de inglés e que teñan materias de 2º BACH (teñan ou non inglés de segundo) han de ser avaliados na convocatoria de maio como alumnos de 2º BACH.
- 2.- Todos estes alumnos deben presentarse ás convocatorias oficiais de PENDENTES en febreiro e maio.
- 3.- Os alumnos que cursen unicamente 1º BACH de inglés terán que ser avaliados polo profesor de 1º BACH na convocatoria de pendentos de maio. Non volverán ser avaliados de novo ata setembro no caso de non superar esa proba de maio. Se insistisen en acudir ás clases e acabar o curso de primeiro regularmente, hai que aclararlles que o poden facer pero que a data do seu próximo exame será en setembro.
- 4.- Os alumnos que cursen os dous niveis de inglés han de superar exames dos dous niveis de inglés. Para iso:
 - a) Puideron ir a clases de 1º BACH ata agora e cursar primeiro de forma regular co cal terían dereito a ser avaliados durante o curso, sempre con límite final de curso a convocatoria de pendentos de maio. Ademais, poderán aprobar toda a materia xa en febreiro, se superan a proba da convocatoria de pendentos de febreiro, co obxectivo de facilitar o traballo de 2º BACH no segundo trimestre.
 - b) Os alumnos que non acudiron regularmente a clase de primeiro e non superaron probas durante o curso perden o dereito á avaliación continua e só poderán ser examinados na convocatoria regular de pendentos.
 - c) Os alumnos que non superen 1º BACH en maio, quedarán en 2º BACH sen nota e terán que examinarse de novo en setembro dos dous niveis non superados, como se explica a continuación:

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

- a) Alumnos de 1º BACH (sen ningunha de 2º BACH). Presentaranse na convocatoria normal co seu profesor, ***non*** o día da convocatoria extraordinaria de PENDENTES.
- b) Alumnos de 2º BACH con inglés de 1º BACH (pero sen inglés de 2º BACH). Presentaranse á de 1º BACH o día da convocatoria extraordinaria de PENDENTES.
- c) Alumnos de 2º BACH con inglés de 1º BACH e con inglés de 2º BACH. Presentaranse á de 1º BACH o día da convocatoria extraordinaria de PENDENTES. E á de 2º BACH, ao día seguinte, na convocatoria normal.

4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ademais da aplicación dos criterios de avaliación establecidos por lei para tódolos cursos, este departamento aplicará a avaliación continua consistente en ter en conta o progreso do alumno ao longo do curso académico ata o seu remate e avaliar a consecución dos obxectivos para ese curso, aínda suspendendo as avaliacións anteriores. Deste xeito o alumno terá permanentemente a posibilidade de superar a materia e se evitará desmotivación polos posibles suspensos durante o curso.

Pola outra banda, xa que os contidos da materia do curso están interrelacionados e non se poden separar, os contidos vistos en avaliacións anteriores serán avaliados nas avaliacións posteriores. Deste xeito, non haberá probas especiais tales como recuperacións, repescas, etc agás aquelas establecidas nas convocatorias oficiais extraordinarias.

Como instrumentos de avaliación se aplicarán exames, probas orais, observación directa ó alumno na aula e o seguimento do seu esforzo e traballo a través da entrega de projects, realización de tarefas e deberes, etc.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A avaliación se complementará valorando o progreso do alumnado cos seguintes baremos:

- Na ESO se valorará a adquisición competencial a través dos estándares de aprendizaxe. Estes estarán desglosados a súa vez nas catro destrezas dunha lingua estranxeira: Writing + Use of English + Vocabulary 50%. Reading 30%, onde se incluírá tamén a lectura obrigatoria dun libro. Listening 10%. Speaking 10%.

Estas catro destrezas supoñerán o 90 % da cualificación final e se complementará cun 10 % premiando o traballo, esforzo e interese do alumnado para o seu estímulo e motivación. Este punto se baseará nos seguintes criterios:

- a) Entrega habitual de deberes e tarefas, e a súa calidade
- b) Participación en traballos e proxectos
- c) Participar activamente nas actividades da clase: tomar apuntes, facer as tarefas da clase, actitude activa na aula...etc
- d) Traer de xeito regular o material requerido (libro de texto, caderno, etc)
- e) Asistencia a clase
- f) Interese e respecto polo traballo na aula e na casa
- g) Levar os coñecementos da materia ao día, dado o carácter de avaliación continua da materia
- h) Respeto polos compañeiros e polo profesor

- Nos Programas de PMAR se incrementará a valoración destes conceptos ata o 20 %, o resto será do 80 %.

No caderno do profesor se fará constancia destas observacións e o baremo a aplicar será: nulo, escaso, medio, completo.

Na convocatoria EXTRAORDINARIA para todas as ensinanzas, e nas ordinarias e extraordinarias de pendentés eliminarase a proba oral por falta de tempo.

Nas diferentes convocatorias (Ordinaria ou Extraordinaria) o alumnado terá que acadar una cualificación de 5 ou máis para aprobar a materia.

BACHARELATO

A avaliación se complementará valorando o progreso do alumnado cos seguintes baremos:

- No 1º de BACHARELATO se valorará a adquisición competencial a través dos estándares de aprendizaxe. Estes estarán desglosados a súa vez nas catro destrezas dunha lingua estranxeira: Writing + Use of English + Vocabulary 50%. Reading 30%, onde se incluírá tamén a lectura obrigatoria dun libro. Listening 10%. Speaking 10%.

Estas catro destrezas supoñerán o 90 % da cualificación final e se complementará cun 10 % premiando o traballo, esforzo e interese do alumnado para o seu estímulo e motivación. Este punto se baseará nos seguintes criterios:

- a) Entrega habitual de deberes e tarefas, e a súa calidade
- b) Participación en traballos e proxectos
- c) Participar activamente nas actividades da clase: tomar apuntes, facer as tarefas da clase, actitude activa na aula...etc
- d) Traer de xeito regular o material requerido (libro de texto, caderno, etc)
- e) Asistencia a clase
- f) Interese e respecto polo traballo na aula e na casa
- g) Levar os coñecementos da materia ao día, dado o carácter de avaliación continua da materia
- h) Respeto polos compañeiros e polo profesor

No caderno do profesor se fará constancia destas observacións e o baremo a aplicar será: nulo, escaso, medio, completo.

- No 2º curso de BACHARELATO as cualificacións por avaliacións son as seguintes:

- a) Textos tipo ABAU 80% (segundo os criterios de corrección da CIUG),
- b) Listening 10 %
- c) Speaking 10 %.

Este baremo supoñerá o 90 % da cualificación final e se complementará cun 10 % premiando o traballo, esforzo e interese do alumnado segundo os mesmos criterios aplicables no 1º de Bacharelato.

No caso de que un alumno copie nun exame, a nota nesa proba será, de xeito automático, un cero. Tamén a manipulación dos teléfonos móbiles con calquera fin durante a realización de probas e/o exames será considerado acción de copiar e terá a mesma consecuencia, a nota nesa proba será un cero, e aquelas contidas no RRI.

Na convocatoria EXTRAORDINARIA para todas as ensinanzas, e nas ordinarias e extraordinarias de pendentos eliminarase a proba oral por falta de tempo.

Nas diferentes convocatorias (Ordinaria ou Extraordinaria) o alumnado terá que acadar una cualificación de 5 ou máis para aprobar a materia.

Medidas Avaliativas Especiais nos casos de difícil seguimento e aplicación da avaliación continua en Bacharelato por faltas inxustificadas

Segundo as novas normas contidas no Regulamento de Réxime Interno sobre sancións no caso de faltas de asistencia non xustificadas, se contempla a posibilidade de aplicar un sistema de avaliación que substitúa a avaliación continua pola dificultade de aplicación nos casos de asistencia irregular inxustificada.

Este departamento aplicará o seguinte sistema avaliatorio:

a) PRIMEIRO DE BACHARELATO

Os alumnos nesta situación farán un único exame ó final de curso con todos os contidos e estándares de aprendizaxe avaliábeis. A proba consistirá na realización de exercicios que comprendan as catro destrezas do idioma tales coma speaking, listening, reading y writing. Tamén terá contidos relativos a aspectos gramaticais, de léxico e o alumno deberá facer unha redacción en inglés sobre un tema proposto.

No caso de esixir a realización dunha lectura obrigatoria durante o curso, o alumno deberá facer o control e o traballo que o profesor lle indique na data que se acorde.

b) SEGUNDO DE BACHARELATO

Estes alumnos farán tres probas diferentes ó remate do curso. Dúas que consistirán na realización de exercicios de comprensión e expresión oral (speaking e listening). A outra proba seguirá o modelo de exames da ABAU proposto pola CIUG cun texto con diferentes preguntas a responder e a realización dunha composición escrita.

Hai que ter en conta que nambolos dous cursos de Bacharelato o alumno contará con esta única oportunidade de superar a materia agás a convocatoria extraordinaria de setembro. Os alumnos deberán obter unha cualificación de 5 puntos ou máis para aprobar.

Ámbito de Comunicación da ESA

Debido á obriga de poñer unha única cualificación que implica a tres diferentes materias (Lingua Galega, Castelá e Inglesa), o alumnado terá que acadar unha cualificación mínima de 2 nas materias no superadas incluídas no ámbito, para poder promediar coas materias superadas. O obxectivo é evitar o abandono dalgunha materia dentro do ámbito. Deste xeito, o alumnado que teña menos dun 2 de cualificación en algunha materia, non aprobará o ámbito de comunicación.

Módulo de Comunicación e Sociedade I, e Módulo de Comunicación e Sociedade II

Debido á obriga de poñer unha única cualificación que implica a catro diferentes materias (Lingua Galega, Castelá, Inglesa e Ciencias Sociais), o alumnado terá que acadar unha cualificación mínima de 2 nas materias no superadas incluídas no módulo, para poder promediar coas materias superadas. O obxectivo é evitar o abandono dalgunha materia dentro do mesmo. Deste xeito, o alumnado que teña menos dun 2 de cualificación en algunha materia, non aprobará o módulo de comunicación.

5- PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DAS PENDENTES

a. Contidos esixibles

Os contidos mínimos serán sempre os que figuren na programación para o curso que o alumno teña pendente.

b. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes

Os alumnos coa materia pendente teñen unha hora semanal de reforzo para ESO e outra para BACHARELATO, na que poderán realizar exercicios adicionais adaptados ós contidos mínimos.

c. Actividades de avaliación

Sendo una materia con contidos progresivos, haberá una avaliación continua dos progresos feitos polo alumno durante o curso en que está matriculado. As actividades de avaliación serán as seguintes:

- Os alumnos deberán facer e entregar as actividades de reforzo semanais.
- Tamén deberán facer e entregar aqueles traballos ou projects que o profesor propoña.
- De acordo co **enfoque comunicativo** polo que se rixe o ensino da materia de inglés, a avaliación será diaria para os alumnos contando cos medios que o profesor ten á súa disposición.

d. Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua na ESO

O alumno poderá superar a materia pendente se aproba calquera das avaliacións do curso no que está matriculado, xa sexa a primeira, a segunda ou a terceira.

De tódolos xeitos, o alumno tamén poderá superar a pendente se, ao final do proceso, durante o curso, o profesor considera que o alumno ten adquiridos os coñecementos do curso pendente, aínda sen aprobar as avaliacións do curso superior.

Haberá que ter en conta que os contidos esixibles serán aqueles considerados como mínimos e os estándares de aprendizaxe contemplados na nosa programación didáctica. Os alumnos do Programa de PMAR terán o mesmo regulamento para a superación da pendente.

Aínda o proceso de recuperación será coordinado polo xefe de departamento, o profesor do curso en que o alumno está matriculado será o encargado de facer a avaliación continua.

e. Actividades de seguimento das materias pendentes no Bacharelato

Ó igual que cos alumnos da ESO, cos que realizamos unha serie de actividades adicionais proporcionadas polo profesor, adaptadas ós contidos mínimos do curso pendente, e con seguimento semanal; os alumnos de bacharelato realizan as actividades do workbook do curso pendente, material co que xa contan, sempre adaptadas ós contidos mínimos esixibles para ese nivel.

Ademais, coordinado coa xefatura do departamento, o profesorado que imparte en 2º de Bacharelato observará e valorará o progreso do alumnado no curso superior e se vai adquirindo os coñecementos do curso pendente.

f. Avaliación das pendentes.

a) Na ESO, finalmente, se ao remate do proceso de avaliación continua, o alumno non supera os contidos da materia pendente, haberá probas finais en maio e setembro como complemento ao plan de traballo.

b) No BACHARELATO, o alumnado de Bacharelato deberá face-los exames nas convocatorias oficiais de pendentes en tódolos casos. Haberá tamén unha coordinación entre a xefatura do departamento e o profesor que avalíe ao alumno no 2º de Bacharelato.

6- ANEXO COAS ESPECIFICIDADES COVID PARA ESTE CURSO

6.1 APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES CURSO 2021-22

As aprendizaxes imprescindibles para o presente curso 2020-21 serán os contidos considerados como “Mínimos Esixibles” e que xa están expostos na Programación Didáctica. De tódolos xeitos, o departamento está aberto á posibilidade de reducir ditos mínimos aínda mais, se fose necesario, co fin de adaptalos á situación de non presencialidade e non prexudicar ao alumnado.

6.2 ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN AOS POSIBLES ESCENARIOS

a) Escenario de SEMIPRESENCIALIDADE

A implantación deste escenario non modificará o sistema de avaliación do alumnado, pero si a metodoloxía que se levará a cabo.

Este sistema é o que se aplica no cursos de Bacharelato. Un grupo de alumnos rotatorio non acude a clase unha semana de cada mes. O sistema establecido polo Departamento é traballar con eses alumnos a través da Aula Virtual do centro. Nesa semana os alumnos fan as tarefas encomendadas e repaso dos contidos vistos. Na Aula Virtual contan con material de auto-aprendizaxe e de auto-corrección con solucionarios. Tamén poden expresar as súas dúbidas ao profesor.

As correccións faranse despois da entrega das tarefas e aqueles exercicios onde persistan os erros ou supoñan problemas para o alumnado serán corrixidos e explicados na clase presencial seguinte.

b) Escenario de NON PRESENCIALIDADE

Resulta imposible cubrir todas as posibilidades nesta situación xa que hai moitos condicionantes e chegado o momento serán as autoridades educativas as que diten instrucións. Dependerá do tempo desa non presencialidade, das avaliacións afectadas e se ese tempo é avaliable ou non, como ocorreu o ano pasado.

As características tan especiais deste escenario, e tendo en conta a experiencia que supuxo o confinamento no curso anterior, fan preciso que no caso de implantarse a non presencialidade implique cambios, ademais de na metodoloxía, na forma de avaliar ao alumnado.

En calquera caso contemplaremos dúas posibilidades:

1.- O período de non presencialidade é **AVALIABLE**: De tódolos xeitos, o alumnado seguirá o proceso de ensino-aprendizaxe dende a Aula Virtual e/ou a plataforma Edixgal. Os novos contidos serán explicados a través de clases en streaming pola plataforma Webex, con vídeo-tutoriais ou outros materiais que o profesorado considere dentro da súa liberdade de cátedra.

O alumnado fará as tarefas requiridas en tempo en forma e ese traballo será avaliado conforme aos criterios que se expoñen na avaliación. Tamén se poderán facer exames online sempre que se garante a identidade do alumno.

2.- O período **NON é AVALIABLE**: Neste caso, se seguirá o mesmo proceso que o ano pasado durante o confinamento. Haberá tarefas de repaso, reforzo, recuperación e de ampliación para subir a cualificación.

Segundo sexa o momento da avaliación afectada, se fará una proposta de tarefas para repasar e reforzar as aprendizaxes vistas ata ese momento. No caso de que o alumno teña que recuperar algunha avaliación anterior terá a obriga de facer as tarefas específicas de recuperación.

Os alumnos coa materia superada e os que recuperaran algunha avaliación suspensa poderán ver incrementada a súa cualificación ata 1 punto se a non presencialidade é na etapa final e non se volve a clase. No resto dos casos ese traballo será avaliado dentro do 10 % polo traballo que consta nos nosos criterios de cualificación.

6.3 REVISIÓN DO OBXECTIVOS PARA O CURSO ACTUAL

No caso de que fose preciso variar algún obxectivo ou estándar de aprendizaxe por dar cabida a todas as aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, os estándares escollidos serán aqueles que non se consideran imprescindibles, isto é, aqueles que non están nos mínimos esixibles.

De tódolos xeitos, o Departamento poderá reducir aínda mais as aprendizaxes adaptándoos ao nivel de afectación do proceso de ensino-aprendizaxe pola interrupción das clases presenciais. A variación consistirá nunha simplificación do contido o máis adecuada posible, sen que prexudique a evolución da aprendizaxe do alumnado en futuros cursos.

6.4 AVALACIÓN (ESCENARIO NON PRESENCIAL)

a) Procedementos

Ademais dos procedementos xerais expresados na Programación Didáctica e que serán adaptados segundo a interrupción das clases, se partirá da avaliación inicial. A avaliación do alumno terá en conta os contidos non vistos do ano anterior e se adaptará ás carencias do alumnado e polo tanto se axustará o ritmo a cómo van adquirindo os coñecementos.

A avaliación será continua, formativa e sumativa ao final do proceso. Os alumnos actuarán de forma activa a través das actividades propostas. Se observará o progreso do alumno e as posibles deficiencias que requirirán de actividades de reforzo.

O seguimento do traballo será a través da Aula Virtual e da plataforma Edixgal. Se deixará constancia dos alumnos que non estean a facer e entregar as tarefas informando ás familias e aos titores.

b) Instrumentos

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes instrumentos:

- Análise de tarefas escritas e orais (como poderían ser deberes, exercicios de ampliación e reforzo de gramática e vocabulario, videos, MP3, exercicios de listening, speaking, reading e writing).
- Corrección dos exercicios e do traballo do alumno, presentación en forma e prazo na Aula Virtual.
- Producións escritas.
- Fichas comprensión lectora.
- Probas obxectivas (que poden ser de gramática, de vocabulario, do uso da lingua, do libro de lectura, de exames tipo ABAU no caso de 2º de Bacharelato ou de calquera outro aspecto que o profesor estime oportuno e conveniente).
- Rúbricas.
- Práctica con solucionario e auto-corrección.
- Exames online sempre que se poida garantir a identidade do alumnado.

De tódolos xeitos o profesor poderá avaliar os seus alumnos a través das probas que considere máis apropiadas e adaptadas ao nivel do seu alumnado. Debido ás circunstancias de non presencialidade, se poderá eliminar as probas avaliativas da comprensión e expresión orais, é dicir, listening e speaking como fixo a propia CIUG no exame da ABAU do ano pasado.

c) Criterios de Cualificación

IMPORTANTE: *Estes criterios de cualificación pódense ver modificados polas instrucións establecidas pola Consellería de Educación no seu momento.*

Existen dúas posibilidades ante un posible confinamento:

- 1.- O período é AVALIABLE: Neste caso se manterán os mesmos criterios de cualificación que na presencialidade.
- 2.- O período NON é AVALIABLE segundo as instrucións da Consellería:

	<i>Nota media das avaliacións interrompidas</i>	<i>Tarefas feitas no confinamento</i>	<i>Plan de reforzo e recuperación</i>
Alumnos coas avaliacións interrompidas SUPERADAS	100 %	Ata 1 punto extra	
Alumnos con unha ou dúas avaliacións SUSPENSAS	70 %		30 %

Alumnado coa materia pendente: Tal e como se recolle na Programación Anual do Departamento, o alumnado que supere a materia no curso actual, terá tamén aprobada a materia pendente.

O alumnado que non aprobe a materia no curso actual terá que entregar as tarefas de recuperación que o seu profesor lle propoña, a través de Edixgal, ou a Aula Virtual, para así poder obter un cualificación final de 5, sempre e cando non fixera a proba ordinaria de pendentes no mes de abril do 2022.

6.5 METODOLOXÍA

a) Actividades de reforzo, ampliación, recuperación e mellora

As tarefas propostas por este departamento para este período poderán ser: traballos escritos, cuestionarios telemáticos, presentacións online, vídeos, actividades online, probas telemáticas e/ou, no caso de que a situación sanitaria o permita e o profesorado o considere oportuno, probas escritas presenciais. Todas estas tarefas serán sobre contidos impartidos tanto de xeito presencial como non presencial, e sempre que favoreza o progreso na aprendizaxe e no desenvolvemento das competencias clave, poderanse incluír contidos novos de ampliación.

b) Mecanismos para garantir o seguimento por parte do alumnado

A metodoloxía se baseará no uso das plataformas dixitais como EDIXGAL e a AULA VIRTUAL. Tamén dentro das súas competencias o profesorado poderá complementalo con GOOGLE DRIVE, GOOGLE CLASSROOM, etc. Esta situación require dunha aceptable competencia dixital pola banda do alumnado así de como garantir una conectividade online. Neste caso:

- Os alumnos *con conectividade* seguirá as instrucións das diferentes materias para o seu progreso e realización das tarefas en tempo e forma. Isto requirirá dunha certa flexibilidade por posibles problemas técnicos puntuais.

- Os alumnos *sen conectividade* recibirán o apoio do centro educativo en canto a material e evitando a fenda dixital para garantir que todo o alumnado poderá seguir co seu proceso de ensino-aprendizaxe. Co apoio tamén da ANPA e co préstamo de dispositivos se chegará a todo o alumnado afectado. Así foi a experiencia no pasado confinamento.

- Os alumnos con necesidades educativas especiais serán atendidos coa continua colaboración co Departamento de Orientación así como do profesorado PT que asesorará ao profesorado. Haberá unha continua comunicación coas familias e co titor deses alumnos.

c) Materiais e recursos

Se contará cunha gran diversidade de recursos:

- Aula Virtual, plataforma Edixgal e plataforma Cisco Webex
- Material dixital dos libros de texto
- Video-tutoriais (Youtube, etc)
- Documentos descargables coas explicacións e/ou os exercicios
- Enlaces online para complementar

- Documentos con soluciones
- Tarefas a realizar e que serán avaliadas na propia Aula Virtual
- Servizo de mensaxería e foros de resolución de dúbidas